

BASES ENREGUÉIFATE

O Concello de Santiago de Compostela convoca un certame de regueifas en vídeo, baixo a denominación Enreguéifate, para apoiar a difusión desta forma de improvisación oral e contribuír á promoción do uso da lingua galega, que se rexe polas seguintes bases:

1. A participación no certame é aberta e de balde e concrétese enviando un vídeo no que aparezan, cando menos, dúas persoas reguifando sobre calquera temática, xunto coa ficha de inscrición na que se especificará a que categoría se acolle.
2. Establécense dúas categorías:
 - a. **Xeral:** para calquera persoa.
 - b. **Escolar:** destinada a alumnado de ensino non universitario (calquera nivel de educación infantil, primaria, secundaria, formación profesional, ensinanzas especiais, artísticas, escolas de música, de danza ou de idiomas.) Nesta categoría, as persoas participantes representarán o centro educativo no que estuden, aínda que poderán inscribirse co nome da súa aula ou co que decidan adoptar como regueifeiros/as para que poidan distinguirse doutros participantes que puidese haber do mesmo centro.
3. Características dos vídeos:
 - A lingua empregada será o galego.
 - A temática pode ser libre
 - En cada vídeo deben participar, cando menos, dúas persoas.
 - Non se limita o número de vídeos en que pode participar unha mesma persoa.
 - A duración máxima das pezas será de 3 minutos.
 - Non se establece restrición en canto a formato, sempre e cando as gravacións se aprecien de xeito claro.
 - A organización descartará os vídeos con contidos non apropiados ou discriminatorios.
4. Os vídeos poderán enviarse por medio das seguintes canles:
 - a. **Facebook:** subirase o vídeo á páxina oficial de Enreguéifate (facebook.com/Enregueifate), tendo en conta que ao facer isto será exhibido publicamente.
 - b. **Correo electrónico:** enviarase o vídeo ao enderezo enregueifate@santiagodecompostela.gal
Neste caso, na inscrición, deberá indicarse se o vídeo pode ser difundido publicamente polo certame ou se unicamente pode ser visto polo xurado.
5. Xunto con cada vídeo enviaranse os datos de inscrición ao enderezo enregueifate@santiagodecompostela.gal segundo o modelo facilitado por Enreguéifate. No caso de tratarse de persoas menores de 14 anos a inscrición deberá facela unha persoa adulta (titor/a legal ou docente das mesmas). Ademais, no caso de menores de idade deberase enviar unha autorización de participación e de cesión de dereitos de imaxe asinada polo/a titor/a legal segundo o modelo facilitado por Enreguéifate.
6. O prazo de presentación esténdese desde as 00.00 h do 1 de abril até as 23.50 do 30 de abril de 2017.
7. Todas as persoas e centros educativos participantes recibirán agasallos. Ademais, en cada categoría outorgranse regueipremios especiais para:
 - Regueifa máis brava: valoraranse os vídeos cun xeito de regueifar máis ousado, garboso, festeiro e divertido
 - Regueifa máis aguda: valoraranse os vídeos máis enxeñosos, creativos e orixinais desde o punto de vista estético
 - Regueifa máis diversa: valoraranse os vídeos nos que haxa maior heteroxeneidade entre as persoas participantes en canto a sexo, idade, nacionalidade, etcétera.
 - Regueifa máis reivindicativa: valoraranse os vídeos cunha temática crítica, satírica e comprometida, tendo tamén en conta o tratamento de asuntos de actualidade
 - Regueifa mellor cantada: valoraranse os vídeos nos que se demostre unha mellor entoación, afinación e ritmo musical
 - Regueifa mellor falada: valoraranse os vídeos nos que se demostre unha mellor calidade lingüística, tendo en conta o uso coidado, correcto e non sexista da lingua galega en todas as súas variantes dialectais
8. A entrega de premios terá lugar o **12 de maio do 2017** no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), coincidindo coa presentación do proxecto **Regueifesta**. O veredicto do xurado darase a coñecer no propio acto.
9. O xurado estará constituído por diversas persoas con experiencia e coñecementos no ámbito da regueifa. De haber aspectos non incluídos nestas bases susceptibles de interpretación, será o xurado quen tome as decisións pertinentes, que serán inapelables.
11. O feito de concorrer ao certame Enreguéifate implica a aceptación destas bases.